

## ACTA Nº 17/2012

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucions da Alcaldía.
- 3º.- Toma de posesión do Concelleiro do BNG, D. Odilo Barreiro Martínez.
- 4º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da Ordenanza de prezos públicos de atención á infancia - Programa Aquelar.
- 5º.- Aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento do punto da atención á infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña.
- 6º.- Solicitud de Aqualia, concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento e depuración de residuais, de recoñecemento de investimentos de varias obras do Plan de investimentos da empresa.
- 7º.- Acordo de indisponibilidade de crédito derivado do Real Decreto Lei 20/2012.
- 8º.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre construción do centro de saúde de Moaña.
- 9º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. José Freire Cancelas

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. María del Carmen Maya Santomé

Dna. Rosa Solla Veiga

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Odilo Barreiro Martínez

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 27 de decembro do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnense as persoas sinaladas baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Fervenza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 16/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 16/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

### **2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, pregunta pola resolución 454/2012 de 17 de decembro e pola resolución 460/2012 de 19 de decembro, onde se ordena recoñecer e se ordena o pago de complementos de produtividade a todo o persoal municipal. Na Comisión de hai tres semanas había dúbidas respecto dos termos de negociación co Comité de persoal. Logo se arriscaron con esta dúas resolucións. ¿Qué pasos dou esta Alcaldía, negociacións que mantivo, se quedan cuestións pendentes...?

O Sr. Alcalde da lectura á resolución 454/2012 e engade que tratou de premiar o esforzo dos traballadores do Concello. De acordo ca Mesa de persoal acordamos pagar esta produtividade.

O Sr. Millán pregunta a canto ascende a cantidade bruta total devengada polo complemento de produtividade que asinou o Alcalde. ¿É consciente das condicións que establecen os orzamentos para a asignación dese complemento?. ¿Hai algún outro acordo co Comité de persoal respecto da compensación da paga extra que o Goberno do Estado decidiu suprimir a todos os empregados públicos?

O Sr. Alcalde di que a cantidade bruta ascende a uns oitenta e mil euros. Comprobada a cifra o Alcalde afirma que son noventa e seis mil seiscientos dez euros e oitenta e tres céntimos. Estanse mantendo reunións cos representantes de persoal pero de momento non hai ningún outro acordos adoptado.

O Sr. Millán pregunta se o Sr. Alcalde sabe as condicións respecto da asignación do complemento de produtividade previstas nos Orzamentos.

O Sr. Alcalde afirma que se tratou de compensar o esforzo e traballo dos empregados municipais.

### **3º.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG, D. ODILO BARREIRO MARTÍNEZ.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura aos antecedentes que figuran no escrito de Secretaría relativos á toma de posesión do Concelleiro:

## **“TOMA DE POSESIÓN DE D. ODILO BARREIRO MARTÍNEZ NO CARGO DE CONCELEIRO.**

Tendo constancia nesta Secretaría da credencial de Concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central con data 12 de decembro de 2012 a favor de D. Odilo Barreiro Martínez e de que foi formulada a declaración de bens patrimoniais así como das causas de posibles incompatibilidades e sobre actividades que poidan proporcionar ingresos económicos, aos efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procede polo Sr. D. Odilo Barreiro Martínez prestar xuramento ou promesa do cargo de conformidade coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, de 1 de abril.”

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á formula:

¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Moaña con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia?

O Sr. Barreiro responde: Si, prometo.

Unha vez xurado ou prometido o cargo e considerando que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleiro, o Pleno declara a D. Odilo Barreiro Martínez posesionado no cargo, e a súa adscrición ao grupo municipal do BNG.

O Sr. Alcalde da a benvida ao Sr. Barreiro como novo membro da Corporación Municipal. Sorte no teu desempeño. Tes a nosa colaboración para o que precises.

O Sr. Barreiro sinala que neste intre lémbrese dos compañeiros que pertenceron a esta Corporación ao inicio da lexislatura, Diego Riobó, que pasou os últimos anos da súa vida pelexando por Moaña. Por outra parte, Valentín Piñeiro, que ca súa renuncia motiva que estea hoxe aquí, un Concelleiro que traballou no Departamento de Urbanismo nun momento de gran presión urbanística, e foi quen de levar adiante o Departamento, sen interferir as súas funcións ca súa esfera privada e sacando adiante o Plan Xeral de Moaña. Espero traballar na idea de que Moaña sexa un bo lugar para vivir, aínda que ilo supoña restarlle un pouco de tempo á miña familia.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, di que o seu Grupo e el persoalmente dan unha caluorosa benvida ao Sr. Barreiro. Deséxote os maiores éxitos no desempeño da túa labor coma Concelleiro e unicamente lamentar a saída dun compañeiro, primeiro no goberno e logo na oposición, Valentín Piñeiro. Odilo, moita sorte.

A Sra. Varela, Voceira do PP, dalle a benvida, lle desexa toda a sorte nesta nova etapa e ofrece a súa colaboración. A política serve como medio de axudar aos veciños. Que os nosos debates sexan comos os do consello escolar, conciliadores.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que Odilo sabe que as despedidas sempre son tristes e as benvidas motivo de alegría, ilusión e esperanza. Espero que te atopes moi a gusto entre todos nós e que poidas aportar o que sabes. En beneficio de Moaña. Que a familia non se preocupe. Cando ti remates os teus fillos probablemente xa terán rematados os seus estudos. Todo o que afrontes con gañas e ilusión será en beneficio dos veciños de Moaña.

## **4º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA- PROGRAMA AQUELAR.**

O Sr. Alcalde lee a proposta:

**“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANZA DO PROGRAMA AQUELAR**

Por Providencia da Alcaldía de data 7 de agosto de 2012, iniciouse expediente para a aprobación dunha ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de atención á infancia do Programa Aquelar, dada a vontade da Corporación para a prestación do un servizo de atención á infancia dentro do denominado “Programa Aquelar” a levar a cabo nas instalacións da ludoteca municipal, tendo en conta que a acitividade a prestar pode ser financiado mediante o establecemento dun prezo público, o que require a aprobación da correspondente ordenanza reguladora.

O día 27 de setembro o Pleno da Corporación Municipal aproba inicialmente o texto da Ordenanza.

O citado expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días, comprendido entre o día 1 de novembro e o día 7 de decembro de 2012, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 210 do 31/10/12, formulándose no mesmo prazo as seguintes alegacións:

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE, Nº de rexistro de entrada 8.062 de 19 de novembro de 2012.
- O Grupo Municipal do BNG. Nº de rexistro de entrada 8.460 de 7 de decembro de 2012.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 26 de decembro de 2012, na que expresa que a aprobación das propostas incluídas nas alegacións do PSG-PSOE e BNG modificaría o réxime financeiro do servizo ao reducirse os ingresos a percibir polo Concello dos usuarios do servizo o que requiriría a modificación do estudo de custos e a necesidade de habilitar orzamentariamente as dotacións necesarias para cubrir a diferenza derivada da redución, o que, en definitiva, suporía a prestación do servizo por parte do Concello cun importante déficit de financiamento, o que iría en prexuízo da situación financeira do Concello agravando aínda máis a situación actual, e por entender, de acordo con este informe que a orde de prioridades proposta polo PSOE para os perceptores do servizo non é propiamente obxecto da ordenanza fiscal, debendo circunscribirse ao regulamento xeral do servizo.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Admitir a trámite e desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do PSG-PSOE tanto no que se refire á alegación 1ª, que propón a aplicación dunha deducción do 50% da cota nos supostos na alegación recollidos, a 2ª alegación vinculada á primeira alegación respecto da documentación a presentar polos usuarios beneficiarios da deducción, todo ilo polos motivos expostos anteriormente, dado o déficit no financiamento do servizo que suporía a aprobación desas medidas atendendo á situación económica do Concello o os efectos derivados da prestación de un servizo con déficit no seu financiamento. Desestimar a alegación 3ª, onde se fixa a determinación de unha prioridade no acceso ao servizo en función da situación económica

dos perceptores do servizo o no caso de vítimas da violencia de xénero, por entender que tal proposta debe remitirse como contido propio do Regulamento xeral ordenador do servizo.

SEGUNDO.- Admitir a trámite e desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do BNG, tanto no que se refire á alegación 1ª, que propón a redución de tarifas previstas na ordenanza, como a 2ª alegación, que propón a inclusión de un réxime de bonificacións, todo ilo polos motivos expostos, dado o déficit no financiamento do servizo que suporía a aprobación de tales medidas propostas polo BNG e dada a situación económica do Concello. En consecuencia, desestimar a alegación 3ª vinculada ás dúas primeiras alegacións respecto da documentación a presentar polos usuarios.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de atención á infancia do Programa Aquelar.

CUARTO.- Proceder a publicación do acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro da Ordenanza, no BOP previo á súa entrada en vigor.

O texto definitivamente aprobado presenta o seguinte tenor:

## **“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO CORRESPONDENTE Ó SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO PROGRAMA AQUELAR**

### Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas no capítulo VI do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co establecido nos artigos 15 e seguintes do referido texto legal, o municipio de Moaña, acorda a imposición dun PREZO PÚBLICO pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia: PROGRAMA AQUELAR que se rexirá pola presente ordenanza.

### Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible do prezo público a estancia ou asistencia dos/as usuarios/as de entre 4 meses e 3 anos aos servizos do Punto de Atención á Infancia AQUELAR de este Municipio.

### Artigo 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados solidariamente ao pagamento das cantidades que se establecen, en calidade de contribuínte, os pais/nais ou titores legais dos nenos/as en situación de alta no PROGRAMA AQUELAR.

### Artigo 4º.- COTA TRIBUTARIA

O prezo público, de acordo co estudo de custes incorporado ó expte de aprobación da presente ordenanza, que se debe pagar ao Concello polo disfrute dos servizos do programa AQUELAR axustaríanse as seguintes tarifas:

- prezo/hora (solta): 2,50€
- Bono 20h:46€ (2,30euros/h)
- Bono 40h:90€ (2,25euros/h)
- Bono 80h:174€ (2,175euros/h)

Os bonos así establecidos non terán data de caducidade.

#### Artigo 5º.- DEVENGO E XESTIÓN DO PAGAMENTO

A obrigación do pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo, para estes efectos, o interesado deberá presentar a pertinente instancia no Rexistro do Concello de Moaña dirixida ó responsable da xestión do programa,xunto coa achegará a seguinte documentación:

#### DOCUMENTACION NECESARIA PARA REALIZAR A SOLICITUDE DE INSCRICION

- 1.- Instancia
- 2.- Certificado de empadramento no Concello de Moaña
- 3.- Fotocopia do libro de familia
- 4.- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor legal.

#### DOCUMENTACION NECESARIA PARA A FORMALIZACION DA MATRICULA DO PROGRAMA AQUELAR

- 1.- Documento de aceptación de matrícula e autorizacións.
- 2.- Certificado médico do neno/a conforme está san e non ten enfermidade infecto-contaxiosa.
- 3.- Fotocopia cartilla de vacinación.
- 4.- 2 fotografías tamaño carné

O responsable da xestión do programa emitirá o oportuno informe con carácter previo á Resolución da Alcaldía de alta como usuario do servizo(ou de denegación daquela), na que se indicará o importe do prezo público a aboar, que será notificada ó interesado.

O prezo público deberá facerse efectivo, en calidade de depósito previo, na Recadación Municipal ou nas entidades bancarias colaboradoras deste concello.

No impreso do ingreso deberá constar como ordenante o nai/pai ou titor legal e como concepto "AQUELAR", e a identificación do neno/a, xunto co importe correspondente ao abono.

O xustificante do ingreso xunto coa Resolución da Alcaldía, darán acceso ó interesado ó servizo, que se prestará non termos recollidos naquela.

Cando por causas non imputables ó interesado, non se chegue a prestar o servizo, procederá a devolución do prezo aboado.

#### Artigo 6º.- REGULACIÓN SUPLETORIA

En todo o non disposto na presente ordenanza aplicarase a regulación contida na Lei 58/2003, Xeral tributaria, de 17 de decembro e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

## DISPOSICION ÚLTIMA

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse unha vez publicada e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor mentras non se acorde a súa derogación ou modificación.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que á vista da proposta vanse facer un lío. Unha proposta presentada a sabendas de que non vai ser aprobada por non contar ca maioría suficiente para facelo. Nin se molestaron en consensuar unha proposta cos Grupos. Van montar un lío na votación. Como o Sr. Alcalde coñece, as alegacións presentadas polo BNG. O prezo por hora solta a 0,50 euros, o bono de 20 horas a 0,40 euros/hora, o bono de 40 horas a 0,30 euros hora e o bono de 80 horas a 0,20 euros a hora. Propoñemos estes prezos fronte os prezos astronómicos que recollía a ordenanza inicialmente aprobada. Os prezos previstos superaban os prezos da piscina municipal, da ludoteca ou de calquera outro servizo público municipal. Se o Concello pode asumilo noutros servizos cun investimento a conta dos impostos por entender que a prestación do servizo é necesaria, máis importante aínda sería neste caso, nun servizo de atención a nenos de 0 a 3 anos para casos de familias que non están en condición de atendelos por diversas causas, como pode ser o desempeño dos seus traballos, para ter a sñua formación ou por calquera outra causa. Se hai un servizo necesario é este, cando a gardería municipal está atrancada. Faise necesario a prestación deste servizo, un servizo público, á marxe de que haxa que gastar quince ou vinte mil euros máis, cartos que se están a gastar noutras cousas. Respecto da segunda alegación presentada polo BNG, vai no mesmo sentido, propoñemos bonificacións que non figuran na ordenanza. En todas as demais ordenanzas municipais tamén aparecen. Vostedes non recollen ningunha. Non se atende ás especiais condicións económicas dos usuarios cando con este servizo se atende ás persoas que están en peor situación económica. Pedimos a inclusión de un novo artigo na ordenanza que inclúa unha bonificación do 95% da tarifa para as familias cuxos membros estean todos en situación de desemprego e non perciban prestación por tal estado. Ademais unha bonificación do 80% da tarifa para familias cuxos ingresos netos non superen o IPREM, tomando como referencia a totalidade dos ingresos familiares, dividido polo número de membros da unidade familiar. Finalmente outra bonificación do 50% da tarifa para familias cuxos ingresos non superen dúas veces e media o IPREM, tomando como referencia, coma no anterior caso, a totalidade dos ingresos familiares, dividido polo número de membros da unidade familiar. En último lugar, faise mención á documentación que deben presentar os usuarios do servizo para formalizar a solicitude de inscrición. Deberán presentar, os suxeitos pasivos beneficiarios das bonificacións, unha copia da última declaración de renda de todos os membros da unidade familiar ou ben a documentación acreditativa da condición de desempregado, ou de non percibir prestación de desemprego. Alcalde, non se escude no informe do Secretario, ao que fixo referencia na Comisión Informativa. O informe deixa aberta a posibilidade de aplicar estas tarifas e bonificacións. Se hai un servizo necesario, co que se inviste en igualdade, benestar, é neste, para familias con nenos de 0 a 3 anos. Que o Secretario busque a maneira de que se voten as alegacións.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, di que quere centrar a alegación presentada polo seu Grupo neste asunto. Ven motivada especialmente pola situación de crise que estamos a pasar, que afecta principalmente a parellas novas. Presentamos estas bonificacións á vista da situación da economía doméstica. No propio estudo das características do punto de atención falábase de unha capacidade de trinta nenos. Unha vez aplicadas as medidas previstas nas alegacións non vai

haber ninguén a quen se teña que aplicar ese prezo. Estarían en condicións de que se lles aplicasen calquera dos beneficios previstos. A rebaixa nos prezos ven derivada da situación económica das familias. Tamén se inclúe nas alegacións do PSOE a regulación das condicións para acceder ao servizo, establecendo unha discriminación positiva en favor das familias que reúnan as condicións recollidas na alegación. Que se faga algo para recoller as solicitudes recollidas nas alegacións. As nosas alegacións non foron incluídas na Comisión Informativa celebrada o pasado luns. As comisións fanse para informar e debater os asuntos. Esta omisión será inhabilitante para que este asunto se tratase en Pleno.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, afirma que está de acordo co que espuxo o Sr. Millán no senso de que este programa é importante, por iso levamos tempo traballando con estas ordenanzas. Xa dende setembro. Díxose servizo si pero prestando a quen se poida. Sempre que se presenta algo novo pedimos informes. Os prezos fixéronse pola Tesoureira en base ao seu estudo. Baseouse nos custos dunha empresa que é a que prestou o servizo. Se presentasemos prezos inferiores o informe da Tesourería sería negativo e nos botarían abaixo o proxecto. No Pleno de setembro xa dixen que este tema lévao Servizos Sociais. Son as persoas máis axeitadas para coñecer a situación. Dixemos que había un fondo para as persoas máis necesitadas. Non se trata de unha gardería. Os rapaces se deixan alí unhas horas non toda a mañá. Consultamos aos usuarios, comentamos os prezos. Ninguén dixo nada.

O Sr. Pastoriza afirma que non quería referirse á tramitación da ordenanza. Lembrarlle á Concelleira que quen asinaba a documentación para a adxudicar o servizo era a empresa que o viña prestando. Impresos co logotipo. Non me faga falar da tramitación do expediente. O Concello non pode asumir competencias impropias. Competencias que non son do Concello. é outra administración a que ten competencias. Na nosa alegación non falamos do prezo. O que pedimos é que xa que se vai poñer en marcha o servizo, aplicar unha serie de beneficios para que as familias que o precisen se poidan aproveitar.

A Sra. Maya di que de estimarse as alegacións estarían pendentes de informe.

O Sr. Pastoriza afirma que a moción está pendente de ter maioría.

O Sr. Millán sinala que a discusión non debe fixarse en termos de bos e malos, que votamos e gañamos os bos. Non é así. Non nos votamos flores. A primeira subvención, no 2011, solicitouna o BNG. Chegou o mes de xuño do 2012 e agardamos a que solicitaran a subvención. Non a pediron. Aínda votaron un cachiño para poñer os servizo en marcha. Houbo un reenganche da etapa experimental e agora está todo parado. Pertencen a un partido político que non entende o que é un servizo público pagados polos nosos impostos. Un servizo de prestación necesario. Sería mellor que o prestase a Xunta e o financíase o Estado. Pero están a recortar as axudas ás familias, aos enfermos. Para o Sr. Rajoy e o Sr. Feijóo, isto é secundario. Están a recortar gastos en garderías. Este servizo hai que poñelo en marcha. No expediente non hai informe da Intervención Municipal e debería habelo. Os tributos municipais poden ser impostos, taxas ou prezos públicos. Estes últimos non poder ter tarifas por riba do custo do servizo, pero xustificándose na súa utilidade pública pode fixarse por debaixo dese límite ao nivel que se queira pero debendo suplir a que se minore. Non diga que iso é cousa da Tesoureira ou da Intervención. Para non crear unha situación estrana propoñemos recoller unha transaccional ás alegacións presentadas polos grupos políticos.

O Sr. Secretario sinala que o problema de incluír as alegacións no texto final ven derivado de que non hai un estudo feito do que suporía a aplicación das novas tarifas e bonificacións. Como di a lei, no caso de que se fixasen tarifas por debaixo do custo do servizo é que habería que cuantificalo e fixar unha dotación orzamentaria que compensase a redución nos ingresos.



O Sr. Millán afirma que ese é problema do Alcalde. O mellor é votar alegación por alegación, calquera outra opción sería complicada.

O Sr. Alcalde da a súa conformidade ca transaccional, e acorda un receso cos Voceiros dos grupos para fixar un texto definitivo.

Rematado o receso o Sr. Millán sinala que se mantería a estrutura da Ordenanza pero se substituirían as tarifas previstas no artigo 4º polas seguintes: prezo/hora (solta): 1,00 €, bono 20 h.: 16,00 € (0,80 €/h.), bono 40 h.: 24,00 € (0,60 €/h.) e bono 80 h.: 32,00 € (0,40 €/h.). Polo que respecta ás exencións e bonificacións, manteríanse as seguintes: Bonificación do 95% da tarifa ás familias cuxos membros estean todos en situación de desemprego e non perciban prestación de desemprego, ou beneficiarios da RISGA, Bonificación do 50% da tarifa ás familias cuxa renda conxunta dividida entre o número de membros da unidade familiar sexa igual ou inferior ao 75% do IPREM e Bonificación do 50% para as vítimas da violencia de xénero. Respecto da documentación a presentar polos usuarios: Outra documentación que estimen oportuna para acreditar calquera das circunstancias que se aducen para acollerse ás tarifas bonificadas. Finalmente fixaríase nesta ordenanza a prioridade para recibir o servizo, á marxe de que posteriormente se incorpore esta previsión no regulamento do servizo, engadíndose ao artigo 5º o seguinte: “Con motivo de manter o carácter asistencial e social do programa terán prioridade no acceso ao servizo aquelas familias que acrediten estar en calquera das seguintes circunstancias: Beneficiarios do RISGA, vítimas de violencia de xénero e familias cuxa renda conxunta total da unidade familiar dividida entre o número de membros que configuran dita unidade sexa igual ou inferior ao 75% do IPREM.”. Sería o acordado.

O Sr. Pastoriza afirma que está de acordo co texto definitivo da ordenanza. Animo a que este Goberno pida, ao Goberno da Xunta, do que se jacta de ser goberno amigo, que busque fórmulas económicas que compensen a dotación que teremos que adicar ao punto de atención.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta transaccional sobre resolución de alegacións e aprobación definitiva da ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de atención á infancia do programa Aquelar, aprobándose, por unanimidade dos Concelleiros asistentes, co seguinte texto e acordos:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite e estimar parcialmente, dos termos que resultan da proposta transaccional, a alegación 1ª presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE, que propón a aplicación dunha deducción do 50% da cota nos supostos na alegación recollidos, estimar a 2ª alegación vinculada á primeira alegación respecto da documentación a presentar polos usuarios beneficiarios da deducción. Estimar a alegación 3ª, onde se fixa a determinación de unha prioridade no acceso ao servizo en función da situación económica dos perceptores do servizo o no caso de vítimas da violencia de xénero, acordando que se incorpore esta previsión ao regulamento do servizo.

SEGUNDO.- Admitir a trámite e estimar parcialmente, dos termos que resultan da proposta transaccional, as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do BNG, tanto no que se refire á alegación 1ª, que propón a redución de tarifas previstas na ordenanza, como a 2ª alegación, que propón a inclusión de un réxime de bonificacións, e alegación 3ª vinculada ás dúas primeiras alegacións respecto da documentación a presentar polos usuarios.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de atención á infancia do Programa Aquelar.

CUARTO.- Proceder a publicación do acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro da Ordenanza, no BOP previo á súa entrada en vigor.

O texto definitivamente aprobado presenta o seguinte tenor:

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO CORRESPONDENTE Ó SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO PROGRAMA AQUELAR**

### Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas no capítulo VI do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co establecido nos artigos 15 e seguintes do referido texto legal, o municipio de Moaña, acorda a imposición dun PREZO PÚBLICO pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia: PROGRAMA AQUELAR que se rexirá pola presente ordenanza.

### Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible do prezo público a estancia ou asistencia dos/as usuarios/as de entre 4 meses e 3 anos aos servizos do Punto de Atención á Infancia AQUELAR de este Municipio.

### Artigo 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados solidariamente ao pagamento das cantidades que se establecen, en calidade de contribuínte, os pais/nais ou titores legais dos nenos/as en situación de alta no PROGRAMA AQUELAR.

### Artigo 4º.- COTA TRIBUTARIA

O prezo público que se debe pagar ao Concello polo disfrute dos servizos do programa AQUELAR axustaranse as seguintes tarifas:

- prezo/hora (solta): 1,00 €.
- bono 20 h.: 16,00 € (0,80 €/h.)
- bono 40 h.: 24,00 € (0,60 €/h.)
- bono 80 h.: 32,00 € (0,40 €/h.)

Os bonos así establecidos non terán data de caducidade.

### ARTIGO 5º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS:

Ademais das exencións e bonificacións legalmente esixibles, o Concello de Moaña aplicará as seguintes bonificacións:

- Bonificación do 95% da tarifa ás familias cuxos membros estean todos en situación de desemprego e non perciban prestación de desemprego, ou beneficiarios da RISGA.
- Bonificación do 50% da tarifa ás familias cuxa renda conxunta dividida entre o número de membros da unidade familiar sexa igual ou inferior ao 75% do IPREM.
- Bonificación do 50% para as vítimas da violencia de xénero.

No caso de modificarse calquera dos requisitos polos que se concede a bonificación, o solicitante deberá comunicar ao organismo competente o cambio na situación económica ou familiar que motivou a dedución para que a partir desa data se proceda ao pago íntegro da cota.

#### Artigo 6º.- DEVENGO E XESTIÓN DO PAGAMENTO

A obrigación do pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo, para estes efectos, o interesado deberá presentar a pertinente instancia no Rexistro do Concello de Moaña dirixida ao responsable da xestión do programa, xunto coa achegará a seguinte documentación:

#### DOCUMENTACION NECESARIA PARA REALIZAR A SOLICITUDE DE INSCRICION

- 1.- Instancia
- 2.- Certificado de empadramento no Concello de Moaña
- 3.- Fotocopia do libro de familia
- 4.- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor legal.
- 5.- Outra documentación que estimen oportuna para acreditar calquera das circunstancias que se aducen para acollerse ás tarifas bonificadas.

#### DOCUMENTACION NECESARIA PARA A FORMALIZACION DA MATRICULA DO PROGRAMA AQUELAR

- 1.- Documento de aceptación de matrícula e autorizacións.
- 2.- Certificado médico do neno/a conforme está san e non ten enfermidade infecto-contaxiosa.
- 3.- Fotocopia cartilla de vacinación.
- 4.- 2 fotografías tamaño carné

O responsable da xestión do programa emitirá o oportuno informe con carácter previo á Resolución da Alcaldía de alta como usuario do servizo(ou de denegación daquela), na que se indicará o importe do prezo público a aboar, que será notificada ó interesado.

O prezo público deberá facerse efectivo, en calidade de depósito previo, na Recadación Municipal ou nas entidades bancarias colaboradoras deste concello.

No impreso do ingreso deberá constar como ordenante o nai/pai ou titor legal e como concepto "AQUELAR", e a identificación do neno/a ,xunto co importe correspondente ao abono.

O xustificante do ingreso xunto coa Resolución da Alcaldía, darán acceso ó interesado ó servizo, que se prestará non termos recollidos naquela.

Cando por causas non imputables ó interesado, non se chegue a prestar o servizo, procederá a devolución do prezo aboadado.

#### PRIORIDADE NO ACCESO AO SERVIZO:

Con motivo de manter o carácter asistencial e social do programa terán prioridade no acceso ao servizo aquelas familias que acrediten estar en calquera das seguintes circunstancias:

- Beneficiarios do RISGA.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Familias cuxa renda conxunta total da unidade familiar dividida entre o número de membros que configuran dita unidade sexa igual ou inferior ao 75% do IPREM.

#### Artigo 7º.- REGULACIÓN SUPLETORIA

En todo o non disposto na presente ordenanza aplicarase a regulación contida na Lei 58/2003, Xeral tributaria, de 17 de decembro e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### DISPOSICIÓN ÚLTIMA

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse unha vez publicada e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor mentras non se acorde a súa derogación ou modificación.”

#### **5º.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DA ATENCIÓN Á INFANCIA (PROGRAMA AQUELAR) DO CONCELLO DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde da lectura á proposta:

#### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DA ATENCIÓN A INFANCIA (PROGRAMA AQUELAR) DO CONCELLO DE MOAÑA**

Tendo en conta a necesidade de contar cun regulamento xeral ordenador do Punto de atención na infancia (PROGRAMA AQUELAR) do Concello de Moaña, para a súa posta en funcionamento, vense de redactar o correspondente texto que entre outros aspectos regula as solicitudes de novo ingreso, renovación de prazas e cobertura de vacantes, dereitos e deberes dos usuarios, normas de funcionamento réxime interno do PAI.

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento do punto da atención a infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña, nos termos expostos.

**SEGUNDO.-** Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncio e texto da modificación no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

**(ANEXO)**

# **“REGULAMENTO DE ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DA ATENCION A INFANCIA (PROGRAMA AQUELAR) DO CONCELLO DE MOAÑA**

## **CAPITULO I**

### **OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACION**

#### **Artigo 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de atención na infancia (PROGRAMA AQUELAR) do Concello de Moaña en materia de solicitudes de novo ingreso, renovación de prazas e cobertura de vacantes que se poidan producir. Así mesmo, establecer os dereitos e deberes, as normas de funcionamento e os aspectos de réxime interno do PAI, segundo as determinacións da Lei 3/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, Decreto 143/2007, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, RD 329/2005 de 5 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

O PAI de Moaña é un servizo municipal de carácter socioeducativo, dirixido á poboación municipal entre 4 meses e 3 anos de idade, que ten entre os seus obxectivos ofrecer unha atención integral, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo e social dos nenos/as. Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento o Punto de atención á infancia (PROGRAMA AQUELAR) do Concello de Moaña, que se configura como equipamento diurno, continuado e de titularidade municipal (integrado dentro do Departamento de Igualdade e Servizos Sociais do Concello) e dirixido á poboación infantil.

#### **Artigo 2.- FUNCION**

1.- O PROGRAMA AQUELAR cumpre unha función eminentemente social e educativa proporcionando aos seus usuarios/as unha atención integral sen discriminacións de raza, sexo ou condición social, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo e social dos nenos/as.

2.- Este centro organizará o coidado dos nenos/as co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias mediante a súa garda e custodia e cooperará estreitamente cos pais, nais e titores para contribuir á mellor integración entre o centro e as familias.

3.- Concíbese como un recurso de atención aos nenos/as que necesitan de atención e coidado durante un tempo diario co fin de cubrir situacións puntuais de necesidade por parte do pai/nai ou titor legal tales como: acceder á formación, acceder ao mercado laboral, realizar xestións burocráticas, enfermidade...etc)

## **CAPITULO II**

### **OBXECTIVOS DO PROGRAMA AQUELAR**

### **Artigo3.- OBXECTIVOS**

Son obxectivos específicos deste centro:

- Cubrir a necesidade socio-familiar de atención, coidado e protección dos nenos/as durante a ausencia dos proxenitores ou titores legais.
- Exercer o dereito dos nenos/as a ser atendidos promovendo ademáis actividades encamiñadas a favorecer o seu desenvolvemento como persoas.
- Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos proxenitores
- Promover a relación social e o encontro entre nenos/as de distintos lugares do municipio.
- Facilitar a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais, atendendo as súas necesidades e características.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.
- Facilitar o desenvolvemento dos valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto...
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas dos nenos/as.
- Facilitar a incorporación da muller rural ao campo do mundo laboral e da formación.

## **CAPITULO III**

### **PROMOCION DA INTEGRACION E FOMENTO DA IGUALDADE**

#### **Artigo 4.- PROMOCION DA INTEGRACION**

1.- O Punto de Atención á Infancia promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais, sempre e cando se conte con recursos materiais e humanos necesarios.

2.- A integración de nenos/as con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais estará supeditada á existencia de condicións e infraestrutura idóneas así coma de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. As súas demandas serán tidas en conta dende o primeiro momento da súa integración.

3.- Nestes casos requirirase o informe previo do equipo de avaliación e orientación correspondentes ao grao de discapacidade e a súa necesidade de integración. En ningún caso poderá haber máis dun neno por aula. A efectos de cómputo, estas prazas contabilízanse como dúas.

#### **Artigo 5.- FOMENTO DA IGUALDADE**

O PAI de Moaña programará actividades para promover a igualdade entre os nenos/as e evitar comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.

## **CAPITULO IV DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS/AS**

### **Artigo 6.- DEREITOS DOS USUARIOS/AS**

Todos os usuarios/as, por sí ou a través dos seus representantes legais ostentan os seguintes dereitos:

- O acceso ao centro e recibir asistencia do mesmo, sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Á consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios/as.
- Ó sxiilo profesional acerca dos datos do seu historial social ou sanitario.
- A realizar salidas ao exterior, sempre e cando casa menor permaneza acompañado por un adulto responsable do seu entorno familiar, e en todo caso con autorización escrita por parte dos pais ou representantes legais, quenes especificarán quen ou quenes serán as persoas encargadas de recoller ao menor para calquera saída do centro.
- A un apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social.
- Á intimidade persoal
- A que se facilite o acceso a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- A ser informados diariamente polo persoal do Centro cos acontecementos vividos polo menor.
- A asociarse co obxecto de favorecer a participación dos pais/ nais ou titores na programación e no desenvolvemento das actividades do centro.
- A realizar a visita das instalacións e entrevista persoal antes da matriculación do neno/a sempre e cando o soliciten e sen interferir no transcurso normal das actividades.

### **Artigo 7.- DEBERES DOS USUARIOS/AS**

Todos os usuarios/as por si ou a través dos seus representantes legais, teñen as seguintes obrigas:

- Cumprir as normas sobre a utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento de réxime interno.
- Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Participar na vida do centro de acordo co que se dispoña neste regulamento.

## **CAPITULO V**

### **BENEFICIARIOS PRAZAS E IDADES**

#### **Artigo 8.- BENEFICIARIOS E IDADES**

O PAI terá inicialmente 15 prazas atendendo sempre á cobertura mínima legal esixible en canto ao persoal necesario. Poderán solicitar praza no PAI dependente do Concello os nenos/as con idades comprendidas entre os 4 meses e 3 anos de idade. Cumpridos os 3 anos de idade poderán continuar como usuarios do servizo ata o momento do comenzo do curso escolar.

### **Artigo 9.- INTEGRACION DE NENOS/AS CON MINUSVALIAS FÍSICAS, PSIQUICAS E SENSORIAIS.**

Poderán integrarse nenos e nenas con minusvalidez física, psíquica ou sensorial. O ingreso destes estará supeditado á existencia de condicións infraestructurais idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. En ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena de integración por aula. Para efectos de ratio, estas prazas computariáanse como dúas.

## **CAPITULO VI**

### **PROCEDEMENTOS DE INGRESO E FINACIAMENTO**

#### **Artigo 10.- SOLICITUDES DE NOVO INGRESO E DE RENOVACION**

As solicitudes de novo ingreso faranse a través de instancia que se presentará no rexistro xeral do Concello xunto co certificado de empadramento no Concello de Moaña, a fotocopia do libro de familia e a fotocopia do DNI do pai/ nai ou titor legal.

As solicitudes de renovación faranse coa simple presentación da instancia na que constará que se trata de RENOVACION co fin de que a persoa responsable da xestión do programa emita informe e no que se indicará ao interesado/a o prezo público a aboar.

Presentada a instancia de solicitude para novo ingreso, a documentación necesaria para a formalización da matrícula do programa aquelar será:

- 1.- Documento de aceptación de matrícula e autorizacións.
- 2.- Certificado médico do neno/a conforme está san e non ten enfermidade infecto-contaxiosa.
- 3.- Fotocopia cartilla de vacinación.
- 4.- 2 fotografías tamaño carné.

O responsable da xestión do programa emitirá o oportuno informe con carácter previo á Resolución da Alcaldía de alta como usuario do servizo(ou de denegación daquela),na que se indicará o importe do prezo público a aboar, que será notificada ó interesado.

O prezo público deberá facerse efectivo, en calidade de depósito previo, na Recadación Municipal ou nas entidades bancarias colaboradoras deste concello.

No impreso do ingreso deberá constar como ordenante o nai/pai ou titor legal e como concepto "AQUELAR", e a identificación do neno/a, xunto co importe correspondente ao abono.

O xustificante do ingreso xunto coa Resolución da Alcaldía, darán acceso ó interesado ó servizo, que se prestará non termos recollidos naquela.



Cando por causas non imputables ó interesado, non se chegue a prestar o servizo, procederá á devolución do prezo aboado.

### **Artigo 11.- BAIXAS**

Causarase baixa no PAI de Moaña por algunha das seguintes circunstancias:

- 1.- Incumprimento da idade máxima regulamentaria.
- 2.- Por solicitude dos pais ou representantes legais.
- 3.- Pola falta de pagamento da cota establecida.
- 4.- Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos presentados.
- 5.- Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- 6.- Por falta continuada de inasistencia sen causa xustificada.

## **CAPITULO VII**

### **ASPECTOS FUNCIONAIS, HORARIOS, RELACION COS REPRESENTANTES LEGAIS, NORMAS DE SAUDE E HIXIENE E NUTRICION, ESTRUCTURA ORGANICA, SEGUROS E LINGUAXE.**

### **Artigo 12.- FICHA PERSOAL**

No momento do seu ingreso abríraselles a cada neno/a inha ficha persoal na que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en caso de urxencia, así como calquera outra circunstancia persoal relevante que o solicitante desexe facer constar para unha mellor atención do menor.

### **Artigo 13.- HORARIOS E APERTURA DO SERVIZO**

O servizo do PAI desenvolverase por 12 meses en horario de 9.30 a 12.30 h, sen prexuízo de poder ser ampliado para mellora do servizo. O funcionamento dependerá do calendario escolar, deste xeito cando coincida cos periodos vacacionais escolares, o PAI funcionará en horario de tarde de 16.00 a 19.00 h.

O horario do PAI poderá modificarse por resolución de Alcaldía e de acordo coas dispoñibilidades de recursos humanos e orzamentarios do Concello e poderá ampliarse ou modificarse cando por necesidades do servizo así se precise.

### **Artigo 14.- HORARIO DE PERMANENCIA DOS NENOS/AS NO PAI**

- 1.-O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será con carácter xeral de 3 horas diarias.
- 2.- E necesario respetar os horarios de entrada e saída do PAI co fin de alterar o menos posible as actividades dos outros nenos/as e o normal funcionamento do centro.
- 3.- O final da xornada os nenos/as serán entregados aos seus pais, nais ou titores legais. No caso de que este autoricen á dirección do centro para entregar o neno/a a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada na solicitude de matrícula.

## **Artigo 15.- NORMAS DE SAÚDE, HIXIENE E NUTRICION**

1.- Os nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde e hixiene que non impliquen risco para si mesmos nin para outros nenos/as.

2.- Non serán admitidos no centro nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, titores ou representantes legais ao persoal do centro.

3.- No caso de detectarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase aos pais, nais ou titores, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos/as.

4.- No caso de enfermidade ou accidente no centro, despois das primeiras atencións e á maior brevidade posible, poñerase dita circunstancia en coñecemento dos pais, nais ou titores do nenos/a, e se é o caso, procurarase que o neno/a reciba a atención médica adecuada, estando facultado o responsable do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos para tal fin.

5.- Nos casos nos que deban administrarse medicamentos aos nenos/as, deberán ir acompañados de receta médica, actualizada á data de tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na súa administración. É preceptiva a autorización por escrito do pai, nai ou titor legal para que o persoal do centro administre o medicamento.

6.- Os pais, nais ou titores legais dos nenos/as deberán proporcionar ao centro o material (cueiros, toallitas, peza de roupa) necesario para unha axeitada atención e hixiene dos menores. En caso de lactancia dos nenos/as tamén se lles proporcionará a alimentación que veñan percibindo os mesmos.

## **Artigo 16.- ESTRUCTURA ORGANICA E PERSOAL DE ATENCIÓNS AOS NENOS/AS**

1.- O PAI integrarase dentro da estrutura orgánica do CIM dentro da Concellería de Igualdade e Servizos Sociais.

2.- O PAI contará, en todo caso, co persoal especializado para a atención directa a nenos/as.

3.- Este persoal deberá estar en posesión dalgunha das titulacións contempladas para o persoal de atención e apoio nas escolas infantís de 0-3 anos a que se refire o artigo 27,2, b) do decreto 329/2005 do 25 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ou que estea en posesión dalgún dos cursos de especialización na materia.

4.- Desempeñará entre outras as seguintes funcións:

- Cuidar da orde, formación, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos/as, ademáis de levar a diario o rexistro de entradas e saídas do centro.

- Elaborar un proxecto educativo e organizativo do centro que defina obxectivos pedagóxicos, horario, calendario, usuarios, a súa estrutura organizativa, o persoal e as súas funcións e unha memoria anual das actividades realizadas.
- Servir de enlace e coordinarse cos responsables técnicos do Centro de Información á muller.
- Relación e coordinación cos pais/nais ou tutores dun xeito individual informando ás familias do proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as e facilitarlles recursos para favorecer o seu desenvolvemento.

### **Artigo 17.- CONTRATACION DE SEGURO**

O Punto de atención á infancia contará cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

### **Artigo 18.- COMPROMISOS COA LINGUAXE**

1.- O Concello de Moaña comprométese á utilización de linguaxe non sexista en todas as actuacións encamiñadas á elaboración e posta en marcha dos programas.

Así mesmo, o Concello comprométese á utilización da lingua galega en todas as actuacións encamiñadas á elaboración e posta en marcha dos programas.

### **DISPOSICION DERRADEIRA**

Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e regulamentos que a desenvolven, e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, di que non van poñer obstáculos á aprobación inicial do regulamento. As nosas aprotacións faranse durante o período de expisición pública. O que acabamos de aprobar modifica ou matiza algunha das cuestións.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que tampouco van atrancar a ordenanza. Revisaremos o texto e veremos se hai algo que aportar. Habería que valorar o espazo físico onde se vai prestar o servizo. Tal vez habería que darlle algunha volta.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, agradece a postura dos Voceiros. Importante que se acade consenso. Cando se iniciou o estudo os técnicos sinalaron que o lugar era axeitado.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta ditaminada en Comisión de aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento do punto de atención a infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña, aprobándose por oito votos a

favor, dos Concelleiros do PP, e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE.

**6º.- SOLICITUDE DE AQUALIA, CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE RESIDUAIS, DE RECOÑECIMENTO DE INVESTIMENTOS DE VARIAS OBRAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS DA EMPRESA.**

O Sr. Alcalde da lectura á proposta ditaminada en Comisión:

**“PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DE INVESTIMENTOS DA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE AUGAS**

En data 5 de agosto do 2004 o Pleno da Corporación acorda adxudicar o contrato de concesión administrativa do servizo de abastecemento de auga e saneamento e depuración de residuais á empresa AQUALIA S.A. Na oferta presentada pola empresa adxudicataria inclúense, como melloras, unha relación de obras a realizar pola concesionaria nos tres primeiros anos de explotación do servizo e a valoración das mesmas, por un importe total de 3.174.920 euros.

En data 4 de xullo de 2008, a concesionaria do servizo presenta ante o Concello solicitude recoñecemento dos investimentos realizados, solicitude que volve a formular o 3 de xaneiro de 2011.

Visto o informe do Arquitecto técnico Municipal, de data 29 de maio de 2012 onde se reflicte o bo estado e funcionamento das instalacións incluídas no Plan de investimentos da concesionaria.

Visto o informe emitido pola Secretaría Municipal, de data 21 de decembro de 2012, onde cas precisións apuntadas, sinala que procede recoñecer as actuacións acometidas dentro do Plan de investimentos da concesionaria de acordo ca solicitude presentada pola mesma.

Pola presente, propónse ao Pleno Municipal, como órgano de contratación do contrato de concesión administrativa do servizo de abastecemento de auga e saneamento e depuración de residuais, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer e aceptar as obras realizadas pola concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento e depuración de residuais, AQUALIA, S.A., incluídos no Plan de Investimentos recollidos no contrato incluídas na seguinte relación, de conformidade cos acordos previos adoptados en Xunta de Goberno nos que se aprobaron os correspondentes proxectos:

1) Actuacións para garantir o subministro de auga: Importe total: 817.099,55 euros. Inclúe as seguintes actuacións:

- Conexión Ablanedo tubería de Vigo.
- Sustitución tramo de A Meixoadá.
- Conexión depósito de Berducedo auga de Vigo.
- Sustitución valvulería depósito de Abelendo.
- Impermeabilización Abelendo.
- Impermeabilización Berducedo.
- Medidas de seguridade e saúde.
- Gastos xerais e beneficio industrial.

- Redacción de proxecto.
- Dirección de obra.

2) Obras complementarias para garantir o subministro de auga: Importe total: 38.984,39 euros. Inclúe as seguintes actuacións:

- Instalación de tuberías veciñais.
- Obras complementarias na estrada da Deputación.
- Acondicionamento exterior do depósito de Abelendo.
- Actuacións complementarias na impermeabilización.
- Traballos adicionais cámara de claves de Abelendo.
- Acometida eléctrica bombeo de Berducedo.
- Redacción de proxecto e Dirección de obra.
- Gastos xerais e beneficio industrial.

3) Ampliación e melloras da rede de saneamento: Importe total: 301.554,98 euros. Inclúe as seguintes actuacións:

- Colector principal de O Cunchal.
- Colector de Bronlle.
- Colector da Xeira.
- Colector de Calauga.
- Colector de Baliela.
- Colector Praia Canabal.
- Obras complementarias.
- Redacción de proxecto e Dirección de obra.
- Gastos xerais e beneficio industrial.

4) Obras complementarias de Saneamento: Importe total: 140.717,52 euros. Inclúe as seguintes actuacións:

- Colector do Cunchal-Tramo Capilla.
- Bombeo de O Cunchal.
- Dotación ducha praia no Canabal.
- Servizos afectados en obra.
- Redacción de proxecto e Dirección de obra.
- Gastos xerais e beneficio industrial.

5) Emisario submarino da Praia de Canabal: Importe total: 88.615,33 euros.

6) Honorarios de redacción de proxecto “Abastecemento Piñeiros-Broullón”: Importe total: 27.987,07 euros.

SEGUNDO.- Dar conta á concesionaria do servizo do presente acordo aos efectos oportunos.”

Non se suscitan intervencións, polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de recoñecemento de obras incluídas no Plan de investimentos da concesionaria do servizo de augas, Aqualia, aprobándose por dez votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e sete abstencións, dos Concelleiros do BNG.

## **7º.- ACORDO DE INDISPONIBILIDADE DE CRÉDITO DERIVADO DO REAL DECRETO LEI 20/2012.**

O Sr. Alcalde da lectura á proposta:

### **“PROPOSTA PLENO**

No Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establécense medidas para reducir o déficit público, co obxecto de contribuír á consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Así o artigo 2, do citado Real Decreto Lei, establece:

*“1. No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22.1 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes.*

*2. Para facer efectivo o disposto no apartado anterior, adoptaranse as seguintes medidas:*

*2.1. O persoal funcionario non percibirá no mes de decembro as cantidades a que se refire o artigo 22.cinco.2 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012, en concepto de soldo e trienios.*

*Tampouco se percibirá as contías correspondentes o resto dos conceptos retributivos que integran tanto a paga extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro, podendo, neste caso, acordarse por cada Administración competente que dita redución se execute de forma prorrateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste Real Decreto Lei.*

*2.2. O persoal laboral non percibirá as cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria ou equivalente do mes de decembro do ano 2012. Esta redución comprenderá a de todos os conceptos retributivos que forman parte de dita paga de acordo cas convenios colectivos que resulten de aplicación.*

*A aplicación directa desta medida realizarase na nómina do mes de decembro do ano 2012, sen prexuízo de que poida alterarse a distribución definitiva da redución nos ámbitos correspondentes mediante a negociación colectiva, podendo, neste caso, acordarse que dita redución se execute de forma prorrateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste Real Decreto Lei.*

*A redución retributiva establecida no apartado 1 deste artigo será tamén de aplicación o persoal de alta dirección, o persoal con contrato mercantil e o non acollido o convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo.*

*3. ...*

*4. As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo.*

destinaranse en exercicios futuros a realizar aportación a plans de pensión ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición o establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

5. Naqueles casos en que non se contemple expresamente no seu réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou se perciban máis de dous o ano, reducirase unha catorceava parte das retribucións totais anuais excluídos incentivos o rendimento. Dita redución prorratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste Real Decreto Lei.

6. O disposto nos apartados anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos o rendimento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real Decreto 1888/2011, de 30 de decembro.

7. O presente artigo ten carácter básico ditándose o amparo do disposto nos artigos 149.1.13 e 156 da Constitución”.

Polo tanto, para dar cumprimento o establecido no citado artigo 2 do RD Lei 20/2012, é preciso bloquear os créditos correspondentes no importe das contías que corresponda percibir no mes de decembro, consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria, como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes, o que pode realizarse mediante un acordo de non dispoñibilidade.

O “Acordo de non dispoñibilidade” debe ditarse de acordo co establecido no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que establece:

“1. A non dispoñibilidade de crédito derivase do acto mediante o cal se inmoviliza a totalidade ou parte do saldo de crédito dunha partida orzamentaria, declarándoo como non susceptible de utilización.

2. A declaración de non dispoñibilidade non suporá a anulación do crédito, pero con cargo o saldo declarado non dispoñible non deberán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado o orzamento do exercicio seguinte.

3. Corresponderá a declaración de non dispoñibilidade de créditos, así como a súa reposición a dispoñible, o pleno da entidade”.

Vistos os cálculos efectuados polo departamento de intervención e de persoal, cuantificando o importe correspondente a paga extra de Nadal do persoal o servizo do Concello de Moaña, e vista a identificación das aplicacións afectadas.

Vista a retención de crédito efectuada nas distintas aplicacións orzamentarias, de acordo coa Resolución da Alcaldía 415/2012, de data 21 de novembro de 2012.

E visto que a declaración de non dispoñibilidade de créditos lle corresponde o Pleno do Concello,

**PROPONSE:**

**PRIMEIRO:** Declarar a non dispoñibilidade do crédito en cada unha das aplicacións orzamentarias seguintes nas contías equivalentes tanto á paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes, en cumprimento do establecido no artigo 2 do RD Lei 20/2012, de 13 de xullo.

## 1.- Funcionarios:

APLICACIÓN		RC
1320	12001	699,38
1320	12003	12.446,00
1320	12006	2.622,03
1320	12100	9.376,92
1320	12101	19.115,07
1510	12004	593,79
1510	12006	1.074,95
1510	12100	349,93
1510	12101	688,47
1640	12005	548,47
1640	12100	260,07
1640	12101	654,64
3320	12001	699,38
3320	12006	177,45
3320	12100	473,35
3320	12101	1.311,96

APLICACIÓN		RC
9200	12000	684,36
9200	12001	699,38
9200	12003	1.866,90
9200	12004	1.187,58
9200	12005	548,47
9200	12006	2.014,68
9200	12100	3.753,64
9200	12101	8.285,29
9310	12000	684,36
9310	12003	622,30
9310	12006	195,83
9310	12100	1.137,90
9310	12101	3.249,63
9340	12000	684,36
9340	12003	622,30
9340	12006	374,42
9340	12100	1.342,24
9340	12101	3.249,63

## 2.- Laboral fixo:

APLICACIÓN		RC
1320	13000	1.880,13
1510	13000	7.421,84
1550	13000	18.815,38
1610	13000	3.736,44
1640	13000	1.936,74
1710	13000	2.828,62
2310	13000	6.746,26
3210	13000	12.575,41
3250	13000	4.329,41
3320	13000	1.428,25
3340	13000	2.834,85
3370	13000	2.232,85
3420	13000	3.137,30
4310	13000	1.476,40



9200	13000	2.749,61
9310	13000	2.572,98

### 3.- Laboral temporal:

APLICACIÓN		RC
1320	13100	2.117,37
1550	13100	5.626,02
1550	13105	1.278,80
2310	13100	7.599,01
2340	13100	2.914,20
2410	13100	3.750,22
2410	13101	330,68
3210	13100	6.646,95
3250	13100	3.744,05
3340	13100	730,18
3420	13100	660,50
4310	13100	795,67
9200	13105	1.061,66

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que o BNG non vai poñer obstáculos á aprobación da proposta pero quere manifestar a manifesta oposición do seu grupo ao Real Decreto aprobado polo Goberno que comporta a supresión da paga extraordinaria para todos os traballadores públicos. As cantidades aforradas deberían converterse en non sei qué, aforro, liquidez... Manifestamos a nosa oposición. Polo visto, o Presidente da Xunta de Galicia vaino imitar o ano que ven. O BNG pediu a insumisión ao Real Decreto, que non se reduciara o salario dos empregados públicos pensando tamén nos comerciantes, cartos que se retiran da circulación para levalos a contas correntes en Alemaña. A redución tivo un fortísimo impacto en Galicia e en Moaña. Congratúlanos que o Alcalde, vendo as resolucións deste mes, se convertese en insumiso aínda que vergoñento. Abonou media paga, aínda lle queda pendente a metade do compromiso. Isto non é máis que o cumprimento parcial de unha moción aprobada en Pleno.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de adopción de acordo de indisponibilidade de crédito derivado do Real Decreto Lei 20/2012, aprobándose por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE.

### **8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE MOAÑA.**

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, afirma que en xullo do ano pasado aprobouse parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña, onde se incluía un polígono en Sixelde que prevía a implantación do centro de saúde de Moaña. Igualmente se fixaba un prazo para a constitución da xunta de compensación do polígono. Pasados os meses segue sen constituirse e haberá que multiplicar por nove o prazo para a entrega dos terreos.

Seguidamente, a Sra. Marínez procede a dar lectura á moción presentada polo seu Grupo:

## **“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE MOAÑA**

En xullo de 2011 o actual goberno municipal anunciou para asombro de todos que a tramitación urbanística da unidade de actuación de Sixalde, onde está prevista a implantación do novo Centro de Saúde de Moaña, ía demorarse 29 meses! Aínda que o B.N.G. ten o convencemento de que o actual goberno municipal non é capaz de tramitar o instrumento urbanístico nin en 29 meses nin en 29 anos, o prazo anunciado parecía excesivo, se pensamos que o polígono ten pouco máis de 11.000 metros cadrados, inclúe a media ducia de propietarios e o Concello é titular de máis do 40% da superficie.

Con todo, pasados xa 18 meses daquel anuncio, a situación urbanística do polígono non variou. Despois de manifestar reiteradas veces nos medios de comunicación que había acordo cos demais propietarios, que se ía formar a xunta de compensación para o desenvolvemento da unidade de actuación, que en lugar de xunta de compensación ía asinarse un proxecto de equidistribución, que había unha empresa encargada da redacción do proxecto urbanístico... a realidade parece demostrar que todos aqueles anuncios eran fume de pallas e que o goberno municipal non deu nin un paso: non consta no Concello nin un papel resultante das xestións realizadas, a non ser as ducias de fotografías que se quitou o alcalde a conta do conto. A información sobre o asunto solicitada polo B.N.G. ou non existe ou foi declarada secreta e xa por último a mesma Plataforma en Defensa da Sanidade de Moaña decidiu en setembro abandonar a comisión municipal de seguimento, cansada de que se lle tomara o pelo e de ser utilizados como figurantes na campaña de imaxe do señor alcalde.

En resultados, o Concello de Moaña está desperdiciando un tempo precioso para resolver a maior necesidade e aspiración dos nosos veciños e veciñas: contar cun novo Centro de Saúde amplo, moderno e dotado dos servizos que reclama unha poboación de case 20.000 habitantes. Aínda que os malintencionados opinan que a parálise é unha contribución do PP de Moaña á política de “austeridade” e desmantelamento da sanidade pública emprendida por Alberto Núñez Feijoo, aforrándolle os 4.500.000 € comprometidos no seu día para construción das novas instalacións, outros mellor intencionados pensamos que é simplemente o resultado da falta de iniciativa do alcalde e do equipo de goberno, incapaces de avanzar nun asunto de fácil xestión.

Nestas circunstancias e para que o 2013 non sexa un novo ano perdido, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

- 1.- Instar aos propietarios incluídos no ámbito de xestión de Sixalde para que no prazo de dous meses manifesten diante do Concello de Moaña a súa vontade de participar na Xunta de Compensación para o desenvolvemento de dito polígono.
- 2.- Concluído ese prazo, e unha vez garantido que os propietarios voluntariamente adheridos representan máis do 51 % da superficie afectada, constituír formalmente a Xunta de Compensación e dar os pasos legalmente establecidos para a adhesión forzosa dos restantes propietarios.

3.- Dotar nos orzamentos municipais para o ano 2013 as partidas necesarias para a contratación regular dun gabinete xurídico e urbanístico para a redacción do Plan Especial, Estatutos da Xunta de Compensación, proxecto de equidistribución e proxecto de urbanización da Unidade de Actuación de Sixalde.

4.- Dotar nos orzamentos municipais para o ano 2013 as partidas necesarias para asumir a parte proporcional dos custes de urbanización que corresponden ao Concello de Moaña.

5.- Dirixirse á Xunta de Galicia, a través da súa Presidencia e Consellería de Sanidade, para que nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2013 se contemplen as partidas necesarias para a redacción do proxecto do Centro de Saúde de Moaña e a programación do financiamento plurianual que permita iniciar a licitación da obra na próxima anualidade.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que é unha moción oportuna. Todos vemos a estrutura levantada en Valladares que entraría en funcionamento no 2014. Semella o elefante branco. Non sei se en Moaña teremos esas infraestruturas. Hai un inmovilismo clamoroso respecto ao centro de saúde de Sixalde. A moción demandaba celeridade. Voto en falta un punto. Que se adopten as medidas necesarias para que a totalidade do centro de saúde se destine a fins médicos. Importante contar cun centro de saúde moderno. Insto ao Goberno Municipal, xa que conta con amigos tanto na Administración autonómica coma na do Estado a que explore a posibilidade de usar as dúas prazas do centro de saúde para usos médicos.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, di que convén facer unha breve análise. O prazo de vintenove meses a partires da valoración do técnico municipal. Un profesional. Segundo, estamos sarcásticos co do prazo cando aínda estamos agardando polo auditorio do 2007. ¿Excesivo o prazo con media docena de propietarios e ocne mil mts2?. É indiferente diso. A tramitación a seguir é a mesma con independencia desas cuestións. ¿Inexistencia de documentación sobre as xestións seguidas?. Hai un documento ca sinatura conforme de todos os propietarios. Que a Plataforma da sanidade está cansa?. Eu tamén o estaría, pero tamén dos oito anos que veñen de atrás, non solo disto. ¿Qué as xestións son sinxelas?. De ser así, por qué non o fixeron dende o 2004?. A aprobación provisoria do Plan Xeral foi no 2007. Tamén fan referencia a que o 2013 non sexa un ano perdido máis. Coma os de vostedes. Aprobaron un crédito no 2005 para a compra de terreos do centro de saúde. En febreiro do 2006 desapareceu dos orzamentos, xa non era prioritario. Para conseguir uns terreos que agora son zona verde. Tamén falan dos orzamentos. Xa se falaba no 2005. No 2005 íase recuperar o litoral no 2006, 22 de febreiro, solo falaba de centrarse na construción do campo de fútbol e da mellora de viais. Respecto dos acordos propostos na moción, no que se refire ao primeiro acordo, instar aos propietarios incluídos no ámbito de xestión de Sixalde para que no prazo de dous meses manifesten diante do Concello de Moaña a súa vontade de participar na Xunta de Compensación para o desenvolvemento de dito polígono, se non quixesen participar non terían asinado o acordo. Sobre o segundo punto, unha vez garantido que os propietarios voluntariamente adheridos representan máis do 51% da superficie afectada, constituír formalmente a Xunta de Compensación e dar os pasos legalmente establecidos para a adhesión forzosa dos restantes propietarios, estamos de acordo pero non será necesario facelo pola forza, están todos os propietarios de acordo. No que se refire ao terceiro punto, dotar nos orzamentos municipais para o ano 2013 as partidas necesarias para a contratación regular dun gabinete xurídico e urbanístico para a redacción do Plan Especial, Estatutos da Xunta de Compensación, proxecto de equidistribución e proxecto de urbanización da Unidade de Actuación de Sixalde, entendemos suficiente contar cos técnicos do

Concello, dada ademais a situación do Concello, son suficientemente competentes. Se queren gastamos en técnicos externos. Totalmente de acordo cos puntos cuarto e quinto.

A Sra. Martínez afirma que aprobouse o Plan Xeral, preciso para comezar a tramitación. Se os propietarios do ámbito están de acordo non entendo por qué non se vai ao notario e se constitúe a xunta de compensación. Preguntouse no Pleno de novembro, o Alcalde dixo que se contratara a un técnico externo pero non sabemos para informar de qué. Se se acudiría a o sistema de compensación ou a unha vía alternativa. Confirmousenos que non había tal xunta de compensación pero figura na páxina web do Concello unha noticia estraída do Faro de Vigo de xuño do 2012 onde se fala da constitución da xunta de compensación. Non existe e sigue publicado na páxina web. Ignorouse a petición de retirada da noticia formulada pola Plataforma da Sanidade. Non entendemos por qué en dezaioito meses non se constituiu a xunta de compensación.

A Sra. Varela sinala que agora hai un técnico externo que está a levar a distribución dos terreos dos propietarios. Queremos facelo ben. Primeiro saber qué se vai facer, evitando casos como o da Xunqueira e demoras. Que todos estean de acordo, evitando disconformidades, polas boas.

A Sra. Martínez afirma que esta mesma situación xa se describiu na Mesa da Sanidade. Desta mesma situación fálase dende hai seis meses. En dezaioito meses segue sen solucionarse.

A Sra. Varela di que como a Sra. Martínez pode ver non é unha xestión sinxela.

O Sr. Pastoriza di que non vai xogar a ser técnico. Pero os gobernos anteriores traballaron para acadar os metros necesarios para o centro de saúde. Pensar que nos próximos dez anos alguén vai desenvolver en Sisalde é utópico. Ao Concello e veciños vemos que o que lles preocupa non é onde van ter un veciño o chalecito senón onde se vai construír o centro de saúde. O Concello terá capacidade de desenvolvemento xa sexa co acordo dos propietarios ou sen acordo. Non imos agardar cincoenta anos. O técnico xa lle marcará o camiño a seguir.

A Sra. Varela afirma que o Sr. Pastoriza vive nos mundos de yupi. Hai que ter o acordo dos propietarios dende o principio para evitar demoras que poidan xurdir a posteriori.

O Sr. Pastoriza di que a Sra. Varela o que ten que facer é buscar a fórmula para seguir adiante.

A Sra. Varela afirma que por esa mesma forma de actuar hai terreos que quedaron en zona verde que non se poden aproveitar.

A Sra. Concepción Trigo, da Plataforma de Sanidade, sinala que Maruxa Boubeta non puido asistir ao Pleno por estar pechada na oficina de Caixanova polo tema das preferentes. O problema que olla a Plataforma de Sanidade é que o centro de saúde non se quere facer. O que ten que facer o Concello é buscar a forma de que se faga. Deben defenderse os dereitos privados dos propietarios pero estes non deben estar por riba do interese público. Dende o mes de setembro non obtivemos resposta ás preguntas. É o caso da pregunta sobre a constitución da xunta de compensación. Trouxeron a José Díaz de la Iglesia. Preguntamos polo proxecto encargado. Non sei qué asinaron os veciños se non se constituiu a xunta de compensación. ¿Queren facer o centro de saúde ou non?. Non podemos levar anos e medio agardando a dar o primeiro paso, a constitución da xunta de compensación ou de equidistribución para desenvolver o plan. O Goberno Municipal debe defender o conxunto dos intereses dos veciños.

O Sr. Alcalde afirma que levan un ano agardando pola construción do centro. Pido desculpas porque aínda non se puido construír. Queda traballar entre todos para conseguilo. Danse pasos. Estase a traballar.

A Sra. Martínez di que se o Alcalde está de acordo o que ten que facer é seguir os pasos propostos na moción.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre construción do centro de saúde de Moaña, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

## **9.- MOCIÓN DE URXENCIA DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DO TRANSPORTE PÚBLICO NA RÍA DE VIGO.**

O Sr. Francisco Ferreira afirma que os datos o confirman: O 1 de xaneiro desaparece o servizo os domingos e festivos e haberá un incremento do prezo. Recibimos a noticia o 24. Dispuxemos do tempo que dispuxemos para presentar a moción. A Consellería da Trasporte xa coñecía a situación dende o 1 de decembro.

Sometida a votación o carácter de urxencia da moción, queda aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

O Sr. Ferreira sinala que a alegación fala de que a partir do 1 de xaneiro suben as tarifas un 5 ou 6%. Haberá unha redución do servizo... Todo ilo suporá despedimentos, máis xente ao paro. Hai un ano presentouse unha moción onde se reproducía a situación. Suprimíase o servizo cada media hora. Sabemos o que fixo con isto a anterior concesionaria hai anos. Pido un acordo unánime para suspender a medida. Pode facerse de modo unilateral e deixar de aplicarse un tempo determinado. Tamén constituir unha mesa para buscar solucións para que se poida manter o servizo con prezos axustados. Hoxe poderíamos estar celebrando os cen anos do transporte de ría. Non se está a celebrar, por algo será. Temos a memoria histórica do acontecido os últimos catro anos. Na anterior moción falabamos de un regulamento de transportes. Dunha reunión co Conselleiro de Transportes que permitise recuperar o carácter público do servizo. Cando saíu Sotelo en defensa do servizo pensamos en nomealo presidente de honra. Demandando a recuperación do transporte público. Daquela dicíase que a área metropolitana ía resolver o problema. O proxecto de área metropolitana e pese ao compromiso da Conselleira non se recolleu na redacción final da área metropolitana. Houbo una proposta do BNG no 2011. O Goberno non a aprobou porque dixo que estaba preparando a súa. Non pedimos subvencións. Hai fórmulas alternativas. Propoñemos un recargo no viaxe ás Cíes que permitiría un servizo digno.

O Sr. González, Concelleiro do PP, pregunta se están en Cangas.

O Sr. Ferreira di que xa o Sr. Fraga falaba de unha subvención cruzada. O Alcalde de Cangas é agora o maior defensor do servizo. Na anterior moción presentada ao Pleno pedíase que o Goberno Municipal instase á Xunta a urxente tramitación e aprobación da Lei de restitución do carácter público de titularidade da Xunta do servizo de transporte marítimo de persoas na ría de Vigo e que facendo uso do seu poder institucional evitase a supresión de servizos que cada media hora se prestaban nas horas punta do traxecto Moaña-Vigo-Moaña pola compañía Nabia.

Confiamos en que o goberno local teña esa capacidade. No seu momento falamos de que eles traían a esta compañía. Agora que teñan a capacidade de falar ca compañía e manter o servizo.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que se trata de unha cuestión que pode ser obxecto de demagogia. Ninguén culpará ao Alcalde de que o 1 de xaneiro haxa ou non barco, pero lembraremos que é o barco que dixo que salvara. O transporte público da ría non se salva con chupa chups e subindo ao barco senón traballando todos os días. As respostas están dadas e aprobadas no Parlamento de Galicia. Que volva recibir a tutela da Xunta, como servizo público que é. En segundo lugar, incentivar, saneando o servizo, para que sexa rentable. Terceiro, marcar obrigas moi claras para os responsables do servizo. Cuarto, incidir na Autoridade Portuaria e na

Xunta para mellorar os accesos. Houbo accidentes graves. Non pode, a 27 de decembro, dicirnos que algo que se lle comentou ao Conselleiro o 1 de decembro non o sabía. En tres días deben moverse, paralizano a decisión para que nonj chegue a executarse e se dean os pasos para que o servizo se preste en condicións e gañe usuarios. Cada día o servizo é máis necesario. Deixen de cubrirse as costas facendo demagogia. A este paso o servizo desaparecerá nuns anos. É posible facelo rentable. A nosa estrada con Vigo é a ría.

O Sr. Pastoriza afirma que non queda moito que engadir a este despropósito. Mentres todo se fíe á rendabilidade sabemos o que hai. A realidade é que os gobernos de Galicia nunca apostaron polo transporte metropolitano. O único goberno que apostou durou pouco. Das declaracións do Alcalde de Cangas todos o pensamos. Facer un paquete no que se inclúa as viaxes ás Cíes. Hai unha querenza no PP por facer anuncios relacionados cos barcos. Caso do de PEMEX. O tempo pasa. O que Feijóo dixo cando fixo a foto xa non é o que viu a explicarnos co problema do financiamento. O tempo pasa e sobre Barreras o que hai son tiburóns urbanísticos. Lembro as fotos do Alcalde con tanta xente para pasear no barco e enchendo de pegatinas as farolas de Moaña. Póñase agora na fronte para demandar aínda que sexa so por vergoña. Mellorar o servizo e apretar para que non deixe de ser un trasporte de cabotaxe. Son quince minutos. Non é Nova Iorque. Resta vehículos da trama viaria. Deixen de pelexar entre uns e outros. Falamos de un servizo vital para os moañeses.

A Sra. López, Concelleira Delegada de Tráfico, afirma que no mes de marzo haberá unha reunión co Director Xeral. Reunímonos ca empresa. Non van facer despedidos e a suspensión do servizo os domingos é provisoria. En primavera retomarase o servizo. Non se vai suspender o transporte. O servizo mantense grazas ao PP. Podemos colaborar todos collendo o barco.

O Sr. Ferreira sinala que se a medida é provisoria que primeiro se fale, se discuta, antes de suspender o servizo e logo se tomen as medidas que correspondan.

Unha vez rematadas as intervencións sométese a votación a moción de urxencia presentada pola Plataforma pola defensa do transporte público na ría de Vigo aprobándose por unanimidade dos Concelleiros asistentes co seguinte texto e acordos:

“SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MOAÑA

C/Copia aos grupos municipais do BNG, PP e PSOE

M. Carmen Rivas Martínez, con DNI 35.302.652 K, representante dos usuarios/as e D. Francisco Ferreira Lorenzo, con DNI 35985637 K, representante da Federación de AAVV A CHAMUSCA, en nome da PLATAFORMA POLA DEFENSA DO TRANSPORTE PÚBLICO NA RÍA DE VIGO

MANIFESTAN

Con data 24 de decembro a Plataforma recibiu da Compañía Nabia, que cubre o servizo de transporte de ría entre Moaña e Vigo, un escrito segundo o cal, e a partires do 1 de xaneiro de 2013, suprímese o servizo nos domingos e se produce unha subida de prezos.

A subida de prezos do billete ordinario nn 5%, a supresión do servizo na fin de semana, que terá a case segura consecuencia do despedimento de traballadores, non son aceptados polos usuarios e a Plataforma Defensa do Transporte Público na Ría de Vigo.

Entendemos que tampouco poden ser aceptados pola Corporación Municipal e, especialmente, polo seu equipo de Goberno que se proclamou garante da prestación do servizo sen atender as denuncias sobre condicións precarias da actual regulamentación.

Temos que lembrar que a supresión da barco no 2009 foi precedida da eliminación dos horarios da medias, primeiro, e dos servizos nos fins de semana despois. Proceso idéntico ao que se está a

seguir agora, supresión das medias fai un ano e dos domingos agora... cal pode ser o seguinte paso?

En consecuencia propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de Moaña o seguinte;

**ACORDO.-**

1.- Solicitar a supresión da decisión tomada unilateralmente pola Compañía Nabia da subida de prezos e supresión do servizo os domingos.

2.- Fixar un prazo e o compromiso dunha negociación coa Deputación Provincial e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para adoptar fórmulas de colaboración que permitan mantemento de servizos e prezos.

### **9º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Dona Ana Pastoriza Durán sinala que a pasada semana, na Comisión de Urbanismo falouse de fixar unha data para o pleno extraordinario sobre o parque eólico.

O Sr.Alcalde responde que os Grupos xa o falaron e o Pleno farase o dez de xaneiro.

A Sra. Pastoriza di que seguen agardando resposta ao aprobado no Pleno de agosto sobre a variante. No seguinte pleno presentaremos unha moción para saber a situación daquela moción.

O Sr. Alcalde sinala que como Alcalde quere expresar o seu profundo agradecemento polo esforzo feito todo o ano. Tócanos vivir esta situación. Sairemos xuntos con máis traballo e adicación. O Nadal son datas de alegría. Debería durar sempre. Feliz ano novo e felices festas.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vintedúas horas e trinta e catro minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE  
O ALCALDE**

**O SECRETARIO**